



## Avisos

Informase que para calquera consulta ou aclaración referente ás **cartas do catastro** poderase facer nas oficinas do Concello no seguinte horario:

**Luns, Mércores e Venres** en horario de **9:00 a 12:00**.

**\*Recollida Selectiva:** Recordase aos veciños a importancia de continuar co estupendo traballo de recollida selectiva que se ven facendo dende fai 4 anos. Non se pode baixar a garda pois facer unha boa selección supón un aforro moi importante e o que é máis importante axuda á conservación do Medio Ambiente.

Neste mesmo orde de cousas recordar tamén que se continua facendo a recollida de plásticos agrícolas e de trastes os primeiros martes e mércores de mes respectivamente. ( Chamámoslle trastes a todo residuo voluminoso como pode ser electrodomésticos estropeados, ferraxes, ...)

**\*Axudas ao transporte e Natalidade:** No BOP num. 120 de 26 de xuño de 2013 publicáronse as bases para as axudas ao transporte e natalidade.

As axudas ao transporte van encamiñadas a axudar a aquelas familias que tivesen que desprazar durante este curso 2012/2013 a algún

dos seus membros a estudar fora do Concello de Boimorto, o **prazo de presentación de solicitude remata o 13 de xullo**.

As axudas a natalidade poderán ser solicitadas para aqueles nacementos ocorridos entre o 1 de decembro de 2012 e o 30 de novembro de 2013. O prazo para solicitar estas axudas rematará o 30 de novembro de 2013.

## Servizos Sociais

**\*Horario de verán dos servizos sociais:** Durante o mes de xullo os servizos sociais do concello estarán á súa disposición na **Casa do Concello en horario de 9:00 h a 11:00 h**. Dende as **11:00 h ata as 13:30 h** atenderanse na residencia **só as urxencias**.

**\* Punto de atención á infancia:** Ábrese o prazo de matrícula de novas admisións para o curso 2013/2014 dende o día 8 ó 26 de xullo de 2013. Todas aquelas persoas interesadas en matricular ós seus fillos/as poden pasar polo concello (departamento de servizos sociais) en horario de 9:00 h a 11:00 h.

Mais información no teléfono: 981 53 85 07 (en horario de 8:30 h a 16:30 h)

**\* Programa de Alimentos da Cruz Vermella:** Recordar que aquelas persoas beneficiarias dos alimentos da Cruz Vermella teñen que actualizar os datos económicos da toda a unidade familiar. Así mesmo aquelas

persoas que estean interesadas en recibir os alimentos e que ata a actualidade nunca os recibiron poden solicitalos no departamento de servizos sociais do concello en horario de 9:00 h a 11:00 h.

## *Deportes*

**\*III RUTA DE SENDEIRISMO:** "Descubre Galicia". Día: domingo 28 de xullo de 10:00 a 14:00. **Ruta:** (circular, 15 kms. aprox. Dificultade media). Sitio de partida e chegada: campo de fútbol municipal. Faremos un percorrido polas parroquias de Cardeiro e Buazo. **Recomendacións:** calzado cómodo, gorra ou chubasqueiro, calcetíns de reposto, levar comida e bebida (tentenpié). **Inscripcións:** ata o día 26 na casa do concello. Mínimo 10 participantes. Actividade gratuíta.

**\*XIMNASIO MUNICIPAL:** durante estes meses de verán o ximnasio municipal contará con persoal cualificado para asesorar ós usuarios que queiran facer uso da instalación. Lembramos que para facer uso deste servizo debe posuírse o carné de socio o cal se pode tramitar nas dependencias do concello.

**\*TIRO CON ARCO:** O pasado sábado 1 de xuño celebrouse o IV Trofeo Concello de Vimianzo de Tiro con Arco, participando 5 arqueiros da escola de Boimorto e proclamándose campión un arqueiro da categoría cadete. Así mesmo este domingo 23 celebrouse nas instalacións do Clube de Campo en Ferrol o Cto. Galego Aire Libre no que se proclamou tamén

campión galego da mesma categoría.

**\*FESTA DO NENO MOLLADO:** Celebrarase o 27 de xullo contaremos con inchables, festa da escuma, xogos,... na piscina municipal a partir das 16:30. Estades todos convidados.

## *Centro de Maiores*

**\*Excursión á praia de Gandarío.** Todos os luns, mércores e venres de verán poderase ir a praia. A empresa Gomserbus fará unha parada nas Corredoiras sobre as 15:10h. e volverá as 20:00h.

Non fai falta anotarse só é necesario estar na zona da parada. O coste é de 8€ por persoa.

Os días que non faga bo tempo e nos festivos non haberá o servizo.

\* O martes 9 de xullo imos comer de campo na área recreativa do río Furelos. Pola mañá haberá servizo de autobús coma sempre. Sairemos sobre as 11 horas de Boimorto e faremos unha paradiña no museo Terra de Melide.

Despois xa iremos a zona do río e xantaremos alí. A hora de regreso será sobre as 19:30 horas e non haberá servizo de autobús ás parroquias.

Para anotarse ir ó centro de maiores o prezo será de 15 € por persoa

\*O Centro de maiores colle vacacións o 31 de xullo e volveremos no mes de setembro. Esperamos que pasedes todos e todas un bo verán e unhas boas festas. Recordar tamén que o 25 e 26 de xullo o centro permanecerá pechado.